

Cooperativismo e Economía Social, nº 35 (2012-2013), pp. 183-193

AS NOVAS MEDIDAS TRIBUTARIAS DE APOIO AOS EMPRENDEDORES

Luis Miguel MULEIRO PARADA
*Profesor de Dereito Financeiro e Tributario
Universidade de Vigo*

No BOE de 28 de febreiro de 2013 publicouse o Real Decreto-lei 4/2013, de 22 de febreiro, polo que se adoptaron determinadas medidas de apoio ao emprendedor e de estímulo e de creación de emprego. Días despois o Congreso dos Deputados aprobou a Resolución de 14 de marzo de 2013, publicada no BOE do día seguinte, pola que se ordenou a convalidación dese Real Decreto-lei 4/2013. Nesta norma adoptáronse, a través de diversas reformas no noso ordenamento xurídico e con carácter urxente, varias medidas dirixidas a desenvolver a Estratexia de Emprendemento e Emprego Xoven, a fomentar o financiamento empresarial a través de mercados alternativos, a reducir a morosidade nas operacións comerciais e, en xeral, a fomentar a competitividade da economía española. Máis recentemente aprobouse a Lei 14/2013, de 27 de setembro, de apoio aos emprendedores e a súa internacionalización, que foi publicada no BOE o 28 de setembro. Nesta norma tamén atopamos un conxunto de medidas fiscais que teñen coma obxectivo común emprender reformas favorables ao crecemento e a reactivación económica, buscando fortalecer o tecido empresarial de forma duradeira. No presente traballo imos facer unha análise valorativa parcial e conxunta destas dúas normas.

Dende a óptica tributaria, a reforma do Real Decreto-lei 4/2013 pretende dar amparo a un marco fiscal máis favorable para o autónomo que inicia unha actividade emprendedora co obxectivo de incentivar a creación de empresas e reducir a carga impositiva durante os primeiros anos de exercicio dunha actividade. Con esta finalidade introdúcense dúas reformas parciais no Imposto sobre a Renda das Persoas Físicas (IRPF) e unha reforma no Imposto sobre

Sociedades (IS). Todas elas modificacións normativas con efectos dende 1 de xaneiro de 2013. Na Lei do IRPF introdúcese as dúas modificacións seguintes:

1ª) Establécese unha nova redución do rendemento en caso de inicio de actividades económicas en estimación directa para aqueles contribuíntes que iniciaron a súa actividade a partires do 1 de xaneiro de 2013. Introdúcese un novo apartado 3 no artigo 32 da Lei de Imposto onde se regula unha nova redución do 20% do rendemento neto das actividades económicas que se poderá aplicar cando concorran as seguintes circunstancias: a) que os contribuíntes determinen o rendemento polo método de estimación directa, b) que as actividades económicas se inicien a partir do 1 de xaneiro de 2013 e c) que non se exerza ningunha outra actividade no ano anterior á data de inicio da nova actividade. No entanto, entenderase que non se realizou ningunha actividade anteriormente cando a pesar de desenvolver a actividade nese período, esta actividade nunca xerese rendementos netos positivos. A redución aplicárase no primeiro período impositivo no que o rendemento sexa positivo e no seguinte. Naqueles casos en que se inicie, a partir do 1 de xaneiro de 2013, unha actividade que xere o dereito a aplicar esta redución e posteriormente se inicie outra, sen cesar na anterior, a redución empezárase a aplicar no período impositivo no que a suma dos rendementos netos positivos de ambas as actividades sexa positiva, aplicándose sobre dita suma. Nembargante, non se poderá aplicar esta redución nos períodos impositivos en que máis do 50% dos ingresos procedan dunha persoa ou entidade da que o contribuínte obtivese rendementos do traballo no ano anterior á data de inicio da actividade económica. A contía dos rendementos netos de actividades económicas sobre a que se aplicará esta redución non poderá superar o importe de 100.000 euros anuais.

2ª) Esténdese a previsión da exención das prestacións por desemprego na súa modalidade de pago único, regulada na letra n) do artigo 7 da Lei do IRPF, suprimíndose o límite cuantitativo anteriormente existente de 15.500 €. En consecuencia, dende o 1 de xaneiro de 2013 estas prestacións por desemprego estarán exentas integramente, en calquera caso.

Doutra banda, no IS establécese un novo tipo de gravame reducido para entidades de nova creación. O artigo 7 do Real Decreto-Lei 4/2013 introduce, con efectos para períodos impositivos que se inicien a partir de 1 de xaneiro de 2013, a Disposición Adicional Decimonovena do Texto Refundido da Lei do Imposto sobre Sociedades (en diante TRLIS), que aproba un tipo de gravame reducido para as entidades de nova creación, constituídas a partir de 1 de xaneiro de 2013, que realicen actividades económicas. Non teñen a

consideración de entidades de nova creación aquelas que formen parte dun grupo segundo o artigo 42 do Código de Comercio, con independencia da residencia e da obrigación de formular contas anuais consolidadas. De acordo coa nova norma as entidades de nova creación tributarán, no primeiro período impositivo en que a base imponible resulte positiva e no seguinte, con arranxo á seguinte escala, agás se, de acordo co previsto non artigo 28 do TRLIS, deben tributar a un tipo diferente ao xeneral: 1º) Pola parte de base imponible comprendida entre 0 e 300.000 euros, ao tipo do 15% e; 2º) pola parte de base imponible restante, ao tipo do 20%. Esta escala non será de aplicación na cuantificación dos pagos fraccionados cando ao suxeito pasivo lle sexa de aplicación a modalidade do artigo 45.3 TRLIS. Non se entenderá iniciada unha actividade económica, aos efectos do previsto nesta disposición:

1º) Cando a actividade económica fose realizada con carácter previo por outras persoas ou entidades vinculadas non sentido do artigo 16 TRLIS e transmitida, por calquera título xurídico, á entidade de nova creación.

2º) Nin cando a actividade económica fose exercida, durante o ano anterior á constitución da entidade, por unha persoa física que ostente unha participación, directa ou indirecta, no capital ou nos fondos propios da entidade de nova creación superior ao 50%.

As medidas fiscais recollidas no Real Decreto-lei 4/2013, foron reproducidas na Lei 11/2013, de 26 de xullo, de medidas de apoio ao emprendedor e de estímulo do crecemento e da creación de emprego, cunha única novidade referida ao Imposto sobre Sociedades. Esta novidade consistiu en que a tarifa reducida tamén se ampara como de posible aplicación aos resultados cooperativos e extracooperativos das cooperativas de nova creación.

Nos últimos anos os Decretos leis téñense convertido no instrumento fundamental a través do que moitas das normas fundamentais de ordenación da nosa comunidade se veñen aprobando. Quizais un pouco de razoabilidade na técnica xurídica empregada para aprobación das leis debería empezar a utilizarse polos nosos gobernantes, da orientación política que sexan, sen recaer no abuso de formas de legislar excepcionais. Dende o punto de vista tributario, pese a que as modificacións parciais se enmarcan no cadro dunha reforma máis global do sistema que se considera necesaria e atende ao contexto de crise económica, acadan uns efectos bastante reducidos e non responden realmente aos fins que se din perseguir. Coma valoración das normas adoptadas no Decreto-lei 4/2013 podemos soste que as reformas no IRPF son moi limitadas e non van ter demasiado impacto real, alomenos que se poida enxuizar

moi positivamente. A redución do 20% do rendemento neto de actividades económicas trata de atallar dalgún xeito á situación de crise económica pero esixe ter rendementos positivos, cousa non habitual ao inicio das actividades. En canto á ampliación da exención das prestacións por desemprego na súa modalidade de pago único, tampouco estamos ante un beneficio tributario de efectos tan importantes na medida en que tanto a anterior exención limitada cuantitativamente coma o novo beneficio tributario esixen o mantemento da actividade económica durante cinco anos, cousa non fácil nos tempos que corren. De non moita envergadura, en atención ás finalidades buscadas, nos parece asemade o incentivo fiscal establecido no IS para as entidades de nova creación, posto que para poder aplicar o novo tipo de gravame reducido as novas entidades terán que acadar bases impositibles positivas o que, como dixemos con relación á redución do rendemento neto de actividades económicas do IRPF, non é o máis habitual durante os primeiros anos das empresas. Quizais conveña plantexarse nalgún momento a que empresarios ou sociedades interesa, se é que se estima axeitado, darlle algún incentivo ou axuda fiscal durante os primeiros pasos na súa actividade; ¿as que teñen perdas ou as que teñen ganancias?, ¿a algunhas delas?, ¿a algunhas delas, segundo o momento e a situación económica, pero sempre con condicións?... Sexa como sexa, non faltará quen diga que a medida é óptima, a mellor posible, e acceder as vantaxes fiscais é unha mera cuestión de planificación fiscal.

Pasando á análise da lei 14/2013, debemos comezar dicindo que esta norma dá no seu título preliminar un concepto amplo de emprendedor, como aquela persoa física ou xurídica que vai desenrolar ou está desenrolando unha actividade económica produtiva. En materia tributaria atopamos un maior número de medidas, de máis relevancia e interesa especialmente o contido do título II onde se regulan os: “Apoios fiscais e en materia de Seguridade Social aos emprendedores”. Establécense algunhas reformas nos tres piares fundamentais do ordenamento tributario: IRPF, IS e IVE.

No IRPF, regúlase un novo incentivo fiscal na cuota estatal polo investimento realizado na empresa de nova ou recente creación. A finalidade da vantaxe tributaria é favorecer a captación por empresas de nova ou recente creación, de fondos propios procedentes de contribuíntes que, ademais do capital financeiro, acheguen os seus coñecementos empresariais ou profesionais adecuados para o desenvolvemento da sociedade na que invisten, investidor de proximidade ou «business angel», ou daqueles que só estean interesados en achegar capital, “capital semente”. Xuridicamente, engádese un novo apartado 1 ao artigo 68 da Lei do IRPF polo que se establece unha nova dedución por

investimento en empresas de nova ou recente creación. A dedución aplicarase exclusivamente na cuota íntegra estatal. A porcentaxe de dedución será do 20% das cantidades satisfeitas pola subscrición de accións ou participacións en empresas de nova ou recente creación que cumpran os requisitos establecidos. A base máxima de dedución será de 50.000 euros anuais e estará formada polo valor de adquisición das accións ou participacións subscritas. Cando se aplicou a exención por reinversión regulada no artigo 38 LIRPF, a que nos referiremos despois, unicamente formará parte da base da dedución das novas accións subscritas o exceso do importe total obtido na transmisión das accións polas que se aplicou a exención. A aplicación da dedución requirirá que o importe comprobado do patrimonio do contribuínte ao finalizar o período impositivo exceda do valor que arroxase a súa comprobación ao comezo do mesmo polo menos na contía dos investimentos realizados.

Para a práctica da dedución será necesario obter unha certificación expedida pola entidade cuxas accións ou participacións se subscriben indicando o cumprimento dos requisitos esixidos. A entidade cuxas accións ou participacións se adquiran deberá cumprir os seguintes requisitos: 1) Revestir a forma de Sociedade Anónima, Sociedade de Responsabilidade Limitada, Sociedade Anónima Laboral ou Sociedade de Responsabilidade Limitada Laboral; 2) Exercer unha actividade económica que conte cos medios persoais e materiais necesarios para o desenvolvemento da mesma -non poderá ter por actividade a xestión dun patrimonio mobiliario ou inmobiliario-; 3) Os fondos propios da entidade non poderán superar 400.000 euros no inicio do período impositivo en que o contribuínte adquira as accións ou participacións. A dedución soamente resultará de aplicación respecto das accións ou participacións subscritas a partir do 29 de setembro de 2013, data de entrada en vigor da Lei 14/2013.

No posterior desinvestimento, que terá que producirse nun prazo entre tres e doce anos, declárase exenta a ganancia patrimonial que, no seu caso, se obteña, a condición de que se reinvesta noutra entidade de nova ou recente creación (novo apartado 2 do artigo 38 da LIRPF). A exención poderá ser total, se se reinveste o importe total obtido pola transmisión das accións, ou parcial cando o importe reinvestido sexa inferior ao total percibido na transmisión. Non resultará de aplicación a exención por reinvestimento: a) nin cando o contribuínte adquirise valores homoxéneos no ano anterior ou posterior á transmisión das accións (neste caso, a exención non procederá respecto dos valores que permanezan no patrimonio do contribuínte); b) nin cando as accións se transmitan ao cónxuxe, ou a parentes en liña recta ou colateral, por consanguinidade ou afinidade, ata o segundo grao incluído; c) nin cando as

accións ou participacións se transmitan a unha entidade respecto da que se produza, co contribuínte ou con calquera das persoas citadas no punto anterior, algunha das circunstancias establecidas no artigo 42 do Código de Comercio. Esta medida acompáñase da supresión da letra d) do apartado 4 do artigo 33 e a disposición adicional trixésima cuarta da LIRPF que establecían a exención de determinadas ganancias patrimoniais xeradas na transmisión de accións e participacións en empresas de nova ou recente creación.

Por outra parte, modifícase o apartado 2 do artigo 68 da LIRPF regulando as especialidades necesarias para a aplicación da nova dedución por investimento de beneficios do artigo 37 do TRLIS. Esta dedución será aplicable respecto dos rendementos netos de actividades económicas obtidos a partir de 1 de xaneiro de 2013. En particular, acóllense as seguintes especialidades para a aplicación no IRPF: 1º) Darán dereito á dedución os rendementos netos de actividades económicas que se invistan en elementos novos do inmovilizado material ou investimentos inmobiliarios afectos a actividades económicas desenvolvidas polo contribuínte; 2º) Deberase investir unha contía equivalente á parte da base liquidable xeral positiva do período impositivo que corresponda aos rendementos netos de actividades económicas (a base da dedución será esta contía); 3ª) A porcentaxe de dedución será do 10% ou do 5% cando o contribuínte practicase a redución do 20% prevista no artigo 32.3 da LIRPF, ou a redución por mantemento ou creación de emprego ou se trate de rendas obtidas en Ceuta e Melilla respecto das que se aplicou a dedución prevista no artigo 68.4 da LIRPF; 4ª) O importe da dedución non poderá exceder da suma da cuota íntegra estatal e autonómica. A dedución aplicarase aos contribuíntes que determinen o rendimento en determinación directa en calquera das súas modalidades (normal ou simplificada). No entanto, tratándose de contribuíntes que determinen o rendimento neto polo réxime de determinación obxectiva poderase aplicar cando se estableza regulamentariamente. En todo caso deberán cumprirse os requisitos establecidos para as empresas de reducida dimensión (art. 108 TRLIS). A cifra de negocios no período impositivo inmediato anterior ha de ser inferior a 10 millóns de euros.

No IS: 1º) Establécese a aludida nova dedución por investimento de beneficios para aquelas entidades que teñan a condición de empresas de reducida dimensión (ERD), vinculada á creación dunha reserva mercantil de carácter indispoñible (novo artigo 37 do TRLIS), 2º) modifícanse algunhas normas comúns relativas ao conxunto das deducións en cuota no IS para incentivar a realización de determinadas actividades (novos apartados 2 e tres do art. 44 TRLIS), 3º) modifícase e amplíase a posible aplicación do réxime fiscal

aplicable ás rendas procedentes de determinados activos intanxibles (“patent box”) e; 4º) mellóranse os incentivos fiscais por creación de emprego para traballadores con discapacidade.

En canto á dedución por Investimento de Beneficios, para períodos impositivos iniciados desde o 1 de xaneiro de 2013, introdúcese o artigo 37 TRLIS (sen contido dende había uns anos), creando a dedución, para os suxeitos pasivos que cumpran os requisitos do réxime de entidades de reducida dimensión. A dedución aplicarase sobre a cuota íntegra do exercicio no que se realice o investimento, e consiste no 10% dos beneficios que se invistan en elementos novos do inmovilizado material ou investimentos inmobiliarios afectos a actividades económicas. A dedución será do 5% para as entidades que tributen de acordo coa escala de gravame do D.A. duodécima do TRLIS (tipo reducido por mantemento ou creación de emprego). O investimento deberá realizarse no prazo comprendido entre o inicio do período impositivo en que se obteñen os beneficios obxecto de investimento e os dous anos posteriores ou, excepcionalmente, de acordo cun plan especial de investimento aprobado pola Administración tributaria a proposta do suxeito pasivo. Os elementos patrimoniais obxecto de investimento deberán permanecer en funcionamento no patrimonio da entidade, salvo perda xustificada, durante un prazo de 5 anos, ou durante a súa vida útil se é inferior.

A base da dedución resultará de aplicar ao importe dos beneficios do exercicio, sen incluír a contabilización do IS, obxecto de investimento un coeficiente determinado por: 1º) No numerador: os beneficios obtidos no exercicio, sen incluír a contabilización do IS, minorados por aquelas rendas ou ingresos que sexan obxecto de exención, redución, bonificación, dedución do artigo 15.9 do TRLIS ou dedución por dobre imposición, exclusivamente na parte exenta, reducida, bonificada ou deducida na base imponible, ou ben que xerese dereito a dedución na cuota íntegra e; 2º) No denominador: os beneficios obtidos no exercicio, sen incluír a contabilización do IS. O coeficiente que resulte tomarase con dous decimais redondeado por defecto. As entidades que apliquen esta dedución deberán dotar unha reserva por investimentos, con cargo aos beneficios do exercicio, por un importe igual á base de dedución, que será indispoñible en tanto que os elementos patrimoniais nos que se realice o investimento deban permanecer na entidade. Esta dedución é incompatible coa aplicación da liberdade de amortización, coa dedución por investimentos regulada no artigo 94 da Lei 20/1991, de 7 de xuño, de modificación dos aspectos fiscais do Réxime Económico Fiscal de Canarias, e coa Reserva para investimentos en Canarias regulada no artigo 27 da Lei 19/1994, de 6

de xullo, de modificación do Réxime Económico e Fiscal de Canarias. Como se pode comprobar, esta medida supón unha tributación reducida para a parte dos beneficios empresariais que se destine ao investimento, respecto dos que sexan obxecto de distribución, dado que os primeiros quedarán sometidos, con carácter xeral, a un tipo de gravame do 15% (25 % menos o 10%).

O novo apartado 2 do artigo 44 TRLIS, establece que as entidades que tributen a tipo de gravame xeral, ao resultante da escala do artigo 114 TRLIS previsto para as ERD, ou ao 35%, que xeren deducións por actividades de investigación e desenvolvemento e innovación tecnolóxica (I+D+i, recollidas nos apartados 1 e 2 do artigo 35 do TRLIS) en exercicios iniciados a partir do 1 de xaneiro de 2013, poderán optar por aplicar a dedución nos termos xerais cos límites do apartado 1 do artigo 35.1 TRLIS ou, o que resulta novo, por quedar excluídas do citado límite. Para quedar excluídas deberán renunciar a un 20% (en concepto de desconto) do importe da dedución xerada, a cambio do cal poderán aplicar a dedución sen límites. En caso de insuficiencia de cuota poderase solicitar o seu abono á Administración tributaria, a través da declaración do IS. O importe da dedución aplicada ou abonada, no caso de actividades de innovación tecnolóxica non poderá superar conxuntamente o importe de 1 millón de euros anual. O importe da dedución aplicada ou abonada por actividades de I+D+i non poderá superar conxuntamente e por todos os conceptos, o importe de 3 millóns de euros anuais. Para a aplicación do disposto neste apartado, débense cumprir os seguintes requisitos: 1º) Que transcorra, polo menos, un ano desde a finalización do período impositivo en que se xerou a dedución, sen que a mesma fose obxecto de aplicación; 2º) Que o plantel medio de traballadores ou, alternativamente, o plantel medio adscrito a actividades de I+D+i non se vexa reducido dende o final do período impositivo en que se xerou a dedución e os 24 meses seguintes; 3º) Que se destine un importe equivalente á dedución aplicada ou abonada, a gastos de I+D+i ou a investimentos en elementos do inmovilizado material ou activo intanxible exclusivamente afectos ás devanditas actividades, excluídos os inmoables, nos 24 meses seguintes á finalización do período impositivo en cuxa declaración se realice a correspondente aplicación ou abono; 4º) Que a entidade obtivese un informe motivado sobre a cualificación da actividade como investigación e desenvolvemento ou innovación tecnolóxica ou un acordo previo de valoración dos gastos e investimentos correspondentes ás devanditas actividades, nos termos establecidos no apartado 4 do artigo 35 do TRLIS. O incumprimento de calquera destes requisitos levará a regularización das cantidades indebidamente aplicadas ou abonadas, na forma establecida no artigo 137.3

do TRLIS. Esta medida supón un certo avance, canto menos formalmente, e viña sendo demandada polo sector dado que para a maioría das empresas que realizan actividades de I+D+i a configuración derogada do incentivo fiscal non lles permitía obter un aforro real, posto que non acadaban os beneficios necesarios para absorber a dedución xerada polo seu intenso investimento en I+D+i. Aínda que as empresas non poderán aplicala ata a autoliquidación do IS de 2014. O novo apartado 3 do artigo 44 TRLIS establece que un mesmo investimento non poderá dar lugar á aplicación de máis dunha dedución na mesma entidade salvo disposición expresa, nin poderá dar lugar á aplicación dunha dedución en máis dunha entidade.

Para as cesións de activos intanxibles que se produzan a partir do 29 de setembro de 2013, modifícase a redución das rendas procedentes de determinados activos intanxibles (artigo 23 TRLIS; *patent box*). A redacción anterior do precepto permitía a redución na base imponible do 50% dos ingresos procedentes de determinados activos intanxibles. A reforma eleva a porcentaxe de redución ao 60% e substitúe ingresos por rendas netas, sen modificar os bens cuxa cesión se pode beneficiar do réxime. Determínase como se calculan as rendas netas, mantense a exclusión do beneficio fiscal das rendas procedentes de determinados bens e permítese aos suxeitos pasivos, en aras de conquistar unha maior seguridade xurídica na aplicación do réxime, solicitar á Administración tributaria un acordo previo de valoración ou de cualificación que se desenvolven nos apartados 6 e 7 do artigo, respectivamente. Tamén desaparece o límite cuantitativo-temporal na aplicación da redución presente na redacción anterior -seis veces o custe de xeración do activo-. A tramitación parlamentaria non conseguiu eliminar a importante limitación que presenta a nova redacción do artigo 23 TRLIS, que impide que a cesión de intanxibles entre sociedades que tributen en réxime de consolidación fiscal poida beneficiarse deste incentivo fiscal. Esta circunstancia pode limitar amplamente o interese crecente que espertaba este beneficio tributario no sector empresarial, dando lugar incluso a un efecto contrario ao pretendido se xera a deslocalización e traslado dos equipos de desenvolvemento de empresas multinacionais a países nos que as condicións fiscais resulten máis vantaxosas como é o caso de Reino Unido ou Irlanda. Polo demais, a Disposición transitoria cuadraxésima do TRLIS establece o réxime transitorio da redución de ingresos procedentes de determinados activos intanxibles, para as cesións do dereito de uso ou de explotación de activos intanxibles que se realizaron con anterioridade ao 29 de setembro de 2013, establecendo que se regularán polo establecido conforme ao anterior artigo 23.

Asemade na Lei 14/2013 mellóranse as deducións do IS na cuota pola contratación de traballadores discapacitados dependendo do grao de minusvalía. As cantidades de posible dedución sobre a cuota do tributo elévase dos anteriores 6.000 euros/persoa de incremento do promedio do plantilla respecto ao período anterior a: 1º) 9.000 euros/persoa de incremento da media de traballadores con discapacidade nun grao igual ou superior ao 33% e inferior ao 65% e; 2º) 12.000 euros por cada persoa/ano de incremento da media de traballadores con discapacidade nun grao igual ou superior ao 65%, contratados polo suxeito pasivo.

Polo demais, no IS a Lei amplía as entidades de nova creación que poden beneficiarse da aplicación da escala reducida de gravame, resultando unicamente excluídas da súa aplicación as entidades que tributen a un tipo inferior á escala e non todas as entidades que tributen a un tipo distinto do xeneral. Igualmente suprime a mención expresa á aplicación da escala ás cooperativas de nova creación, tanto respecto dos resultados cooperativos como extracooperativos

No IVE a Lei de apoio aos emprendedores crea un réxime especial do criterio de caixa, con efectos dende o 1 de xaneiro de 2014, con base ao artigo 167 bis da Directiva 2006/112/CE, do Consello, de 28 de novembro de 2006, relativa ao sistema común do IVE. Este réxime trata de paliar os problemas de liquidez e de acceso ao crédito das empresas. A nova regulación ampara un réxime optativo, que se coñece como criterio de caixa dobre, para os suxeitos pasivos cuxo volume de operacións non supere os 2.000.000 de euros. Conforme a este, os suxeitos pasivos do Imposto poden optar por un sistema que atrasa o decheo e a consecuente declaración e ingreso do IVE repercutido na maioría das súas operacións comerciais ata o momento do cobro, total ou parcial, aos seus clientes, coa data límite do 31 de decembro do ano inmediato posterior a aquel en que as mesmas se efectuasen. Coma posible crítica, podería dicirse que, aínda así, a empresa que recibe a factura non poderá deducir o IVE ata telo pagado; retárdase o decheo pero tamén se retarda o dereito de dedución. Ten sentido pero as empresas poderían perder clientes, que prefiran escoller un provedor que non se acolla ao novo sistema do IVE, ou ter que cambiar a súa rutina de actuación e programas informáticos de apoio á xestión.

Estas últimas reformas da lei 14/2013 son de maior relevancia e posiblemente supoñan máis apoio real aos emprendedores que as do Decreto-lei 4/2013. Quérese facilitar e incentivar o financiamento dos emprendedores ou a certas actividades ou contratacións que realicen, permitindo retrasar o decheo do IVE e regulando algúns apoios fiscais por reinvestimento de beneficios.

Pero coma reflexión xeral debemos recordar que o ordenamento tributario e os seus elementos fundamentais deben responder a uns fins e as súas normas, se é necesario, deberían adaptarse do mellor xeito, coma todas, á realidade social. Á maior brevidade e ben, para evitar sempre males maiores. Adoptar certas medidas parciais e que non contribúan na mellor medida ao que se persegue só é unha mostra máis da incapacidade, tamén xurídica, pola que pasamos, e vemos pasar, para resolver os problemas. Habrá que contrastar os resultados reais e seguramente seguilo tentando, regulando ou desregulando normativas que, dunha vez, sirvan eficazmente ao que se di, ou mellor dito ao que deben servir, e non se fagan nunca mirando de esguello coma mera propaganda política, nin de cara a certa galería social. Tampouco tratando de saír un chisco ao paso para contribuír a paliar a situación, quizais sen visión de conxunto. Ás veces é posible que sexa mellor algo ca nada, ás veces non.